



TREN DO BANQUETE DE CONXO

Percorrido especial gratuito do tren turístico, decorado para a ocasión. Traslados de balde entre a Alameda, no centro da cidade, e o barrio de Conxo. (Prioridade para familias con nenas/os, persoas con mobilidade reducida e persoas vestidas de época).

HORARIOS:

Parada Aurelio Aguirre
[Parque da Alameda]

SÁBADO 13 maio. Saídas ás 11:00, 12:00, 13:00, 17:00*, 18:00*, 19:00* e 20:00* h.

DOMINGO 14 maio. Saídas ás 11:00*, 12:00*, 13:00*, 16:00, 17:00, 18:00 e 19:00 h.

Parada Rosalía de Castro
[Praza de Martín Herrera]

SÁBADO 13 maio. Saídas ás 11:30, 12:30, 13:30, 17:30*, 18:30*, 19:30* e 20:30 h.

DOMINGO 14 maio. Saídas ás 11:30*, 12:30*, 13:30*, 16:30, 17:30, 18:30, 19:30 h.

(*)
Percorridos amenizados por músicos da Agrupación Devagarinho de Vilvestro e da Agrupación Folclórica Colexiata do Sar.


COMO CHEGAR

- Liñas 5 (recomendada, reforzaranse as frecuencias igualándoas ás dun día laborable) e C2 dos autobuses urbanos.
- Camiñando polas beiras do Sar ata a carballeira de Conxo.
- Se tes que vir no teu vehículo utiliza os aparcadoiros recomendados (ver mapa).

COMO PODES PARTICIPAR?

- No desfile teatral de estudantes e artesáns do domingo 14 de maio da praza do Toural a Conxo.
- Na romaría popular xantando na Carballeira a comida que traías da casa ou merques nas polbeiras que atoparás no Camiño da Lavandería. Animate a vir vestido de época.
- No Serán da Fraternidade, tamén o 14 de maio, aberto á música e ao baile tradicional. Acude co teu grupo de música ou baile.
- Como persoa voluntaria na Festa do Banquete. Podes achegar a túa solicitude a través do correo electrónico: voluntariadobanqueteconxo@gmail.com

Música, libros e artesanía, xogos infantís, xantar popular... Ven gozar da tradición, non faldes á Festa do Banquete de Conxo!



+ info: www.santiagodecompostela.gal

12, 13 e 14 MAIO 2023



conxo
FESTA DO BANQUETE

+ info: www.santiagodecompostela.gal

VENRES 12 maio

11:00 h
O Pequeno Banquete.

Representación teatral a cargo de Os Quinquilláns co alumnado do centro de Santiago de Compostela CEIP Quiroga Palacios. *Carballeira de Conxo.*

11:45 h
Fillas de Cassandra presentan os temas do seu traballo Acrópole. MaríaSOA (voz, percusión e piano) e Sara Faro (voz e percusión) participarán na gravación dun videoclip coas rapazas e rapaces asistentes interpretando conxuntamente o tema LISÍSTRATA. *Carballeira de Conxo.*

18:30 h
Obradoiro de baile tradicional. Impartido polo grupo de baile tradicional da Agrupación Folclórica Colexiata do Sar. Actividade aberta ao público en xeral sen inscrición previa. *Praza de Conxo.*

19:00 h
Obradoiro de Cantos de Taberna a cargo de Muiñeiros do Sarela. *CSC Aurelio Aguirre de Conxo.*

21:00 h
Cantos de Taberna nos bares do barrio. Coa participación dos grupos de Santiago Can de Ghaiteiro, Cantama-deira, Cantarea 21, Grupo Colexiata de Sar, Muiñeiros do Sarela e Son de Gaita e Silva Verde do Castiñeiriño; o grupo Repenicos de Touro e Vento Mareiro de Moaña. Os cantos terán lugar nos bares A Chara, Barrigola, Caimán, Cantina San Serapio, Casa Pajueleira, Marló, News e Os Mallos. Actividade coordinada por Muiñeiros do Sarela.

SÁBADO 13 maio

10:00 h
II Andaina Musical da EMM. Actividade que conxuga a música, o contacto co medio ambiente e o noso patrimonio natural. Realizarase un percorrido ao longo das Brañas do Sar, Colexiata de Sar, Pontepedriña e Conxo. Durante o traxecto realizaranse diferentes actuacións musicais en distintos enclaves do mesmo. *Punto de partida: Multiúsos Fontes do Sar.*

10:00 h/11:00 h
Baños do Bosque. Actividade inmersiva no Bosque do Banquete de Conxo. Habilítanse 12 prazas por quenda. Inscrición por orde de solicitude a través do correo electrónico: bosque@santiagodecompostela.gal *Punto de partida: Carballo do Banquete de Conxo.*

12:00 h
As Voces do Bosque. Un percorrido literario pola histórica carballeira de Conxo guiado polo editor e escritor Henrique Alvarelos, para lembrar as autoras/es que escribiron sobre o bosque ou no bosque, dende o século XII ata o XX. Adaptado a todos os públicos. Idioma: galego. Duración: 80 min aprox. Inscrición: rutabanquete@santiagodecompostela.gal *Punto de partida: Praza Aurelio Aguirre.*

18:00 h
“As enerxías renovables a debate”. Mesa redonda. *CSC Aurelio Aguirre de Conxo.*

19:00 h
Concerto coros e orfeóns. Coa participación do Coro do Psiquiátrico de Conxo dirixido por Ángel Casillas; Coro Santa Susana dirixido por Marcos Mato Collazo; Coro de Habaneras Rocha Forte dirixido por Sebastián Fernández Tapia; Coro

Crecente de Voces Graves dirixido por Francisco Xavier Freire Chico; Coro Amigos do Castiñeiriño dirixido por Iolanda Eiras e Orfeón Tradicional da Colexiata de Sar dirixido por María Xosé López. *Escalinata do Hospital Psiquiátrico de Conxo.*

21:00 h
A Festa da Poesía. Conducida por Helena Salgueiro. Coa participación musical de Amorodo, O Rabelo e Paulinha e as poetas Belén Senín, Sara Villar e Noelia Gómez. *Praza Aurelio Aguirre.*

DOMINGO 14 maio

11:00 h
Alá van estudantes e artesáns. Desfile teatral desde a Praza do Toural até Conxo. Dirixen: Os Quinquilláns. Participan: Os Quinquilláns, Teatro Mediogüevo, Coral A Oliveira de Monte Branco, Grupo de Gaitas Inllar, grupo de teatro da Fundación Pondal de Ponteceso, Clube Mozo e veciñanza activa do CSC Aurelio Aguirre de Conxo, Brigadas Teatrais de Catoira, Teatro do Muíño (Laraño) e Teatro do Solpor (Vite). Acompañamento musical de Os Muiñeiros do Sarela.

13:00 h
Chegada do desfile á praza de Conxo. Recepción a cargo da Asociación de música e baile tradicional de Conxo, actuación da Coral A Oliveira de Monte Branco e pregóns da Festa do Banquete a cargo de Xosé Lois Mouriño Couto de Sar e Lucía Pérez Lemos de Villestro. *Praza de Conxo.*

13:30 h
Baixamos ao bosque do Banquete. Continuación do desfile até a Carballeira de Conxo. Os Quinquilláns acompañados polo grupo Os Fondaos do Pifaro, a Asociación de música e baile tradicional de Conxo e diversos colectivos.

13:45 h
Benvida á Festa do Banquete de Conxo. Os Quinquilláns e Os Fondaos do Pifaro. *Carballeira de Conxo.*

15:00 h
Xantar e romaría popular, con brindes de veciñas e veciños. *Carballeira de Conxo.*

16:30 h/19:00 h
A Eira do Paporrubio. *Carballeira de Conxo.*

O pasarrúas dos xigantes. Público familiar. Percorrido polo bosque do Banquete dos personaxes xigantes que animarán a participar nos xogos instalados na Carballeira. Xogos paporrubio: Estación de xogos tradicionais. Variedades do animalario: Un espectáculo de monicreques con música en directo. Fotocol. Mosaico de Conxo.

17:00 h
O Serán da Fraternidade. Foliada de música tradicional con Os Fondaos do Pifaro, Devagarinho, Grupo de Cantos de Taberna da Asociación de Mulleres Recandea e Muiñeiros do Sarela. *Carballeira de Conxo.*

19:30 h
Despedida da Festa do Banquete 2023 e convite á seguinte edición. Discursos a cargo de Os Quinquilláns e pregón de peche.

PROGRAMACIÓN MERCADO DO LIBRO E MOSTRA DE OFICIOS TRADICIONAIS

Praza de Conxo e Praza Aurelio Aguirre

SÁBADO 13 maio

De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.

12:00 h
Dornavela Edicións presenta O gato Chiki. Pictoconto para nenos e nenas a partir dos 3 anos de idade acompañado dun pequeno obradoiro. Dura-ción aproximada 60 min.

13:30 h
Sesión vermú. Mekánika Rolling Band traerán ao Mercado a súa fusión de rock, ska, reggae e funk coa tradición musical galega.

17:30 h
A Central Folque presenta Payada do Banquete de Conxo. Wilson Saliwonczyk, payador arxentino.

18:00 h
Ir indo presenta a novela Detrás de la noche más oscura da autora Elena Comesaña. Coa participación de Xelasio Suárez e da autora.

18:30 h
Actuación para público familiar. IKIGAI de Su.Ma.

Espectáculo de danza-circo 360º, onde dous personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo.

19:30 h
Concerto O Cadelo Lunático. Blues e soul en galego.

DOMINGO 14 maio

De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:30 h.

12:00 h
Sinaturas no stand de A Gata Tola. Alfonso Barreiro “Fon” asinará exemplares dos cómics Gazafellos 01, 02, Cósmico o bombeiro galáctico e Troglo & Dita.

Fran Bueno asinará exemplares de Escachapedras.

20:00 h
Chocolatada.

20:30 h
Concerto de peche. A Banda das Crechas.

MERCADO DO LIBRO E DA ARTESANÍA

Expositores:
A CENTRAL FOLQUE
DEICA! CREACIÓNS
LIBRARÍA TIRANA
EDICIÓNS POSITIVAS
IR INDO EDICIÓNS
DORNAVELA EDICIÓNS
RODOLFO E PRISCILA
EDICIÓNS FERVENZA
LIBRERÍA AENEA
MARÍA MEIJIDE
ANTELA EDICIÓNS
A GATA TOLA

MOSTRA DE OFICIOS TRADICIONAIS

Artesáns:
SUSO CESTEIRO
Cestaría
MANUEL FIGUEIRAS
Cerámica
XOSÉ TUNHAS
PERCUSIÓN
Instrumentos Tradicionais
MIÑAMENA ENCAIXES
DE AUTORA
Encaixe
FORXA CHAGO
Ferraría

ACTIVIDADES PERMANENTES DURANTE TODO O HORARIO DE MERCADO:
Actividades infantís e xuvenís (xogos tradicionais, xogos de mesa e inxenio, xogos xigantes, etc.). Durante a xornada do sábado:
• BETY BUSTO: Deseño e confección de vestuario de época.
• CHIMPOS: Alugueiro de vestuario.

Consulta actualizacións a este programa en www.santiagodecompostela.gal